

3º EXERCICIO: COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
2. - Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatório de lingua galega de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva (as 2 últimas, da G11 e G12), que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Galego" entre os números G1 e G12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
3. - O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
8. - Ao rematar o seu exercicio, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

1. Sinale cuál é o significado da palabra "deda"

- A) Golpe dado co dedo.
- B) Cantidade de diñeiro que se debe.
- C) Utensilio que se pon na punta do dedo para empuxar a agulla sen perigo de ferirse ao coser.
- D) Dedo do pé.

2. Indique cal é a frase incorrecta:

- A) Non teñas présa, faino con bagar.
- B) Agora vano querer saber todo.
- C) Fixen a viaxe en balde.
- D) Disque tiveron moitas perdas por mor da chuvia.

3. Indique cal é a frase correcta:

- A) Vós non andaches moi lixeiros e agora é demasiado tarde.
- B) Vós non andáchedes moi lixeiros e agora é demasiado tarde.
- C) Vós non andastes moi lixeiros e agora é demasiado tarde.
- D) Vós non andástedes moi lixeiros e agora é demasiado tarde.

4. Sinale a frase incorrecta:

- A) Tódolos nenos recibiron cadansúa camiseta con cadanseu número.
- B) Esa rapaza ha de andar polos vinte anos.
- C) Esos enfermos xa levan dúas horas esperando.
- D) Endexamais tiven dores de cabeza.

5. Indique cal é a frase incorrecta:

- A) A súa aboa terá ben seus noventa anos.
- B) Esta fin de semana vou comer fóra cos meus.
- C) O meu fillo éche moi traballador.
- D) Xa estás ti coma sempre facendo das túas.

6. Escolla a serie correcta:

- A) Bacharelato. Romaría. Debuxar. Epiderme.
- B) Bacherelato. Romería. Debuxar. Epidermis.
- C) Bacherelato. Romaría. Dibuxar. Epiderme.
- D) Bacharelato. Romería. Dibuxar. Epiderme.

7. Sinale a opción correcta:

- A) Coortes
- B) Deshoura
- C) Incoherente
- D) Ules

8. Sinale a frase correcta:

- A) Esos nunca fan nada bon.
- B) Teño casa de meu e estou moi ledó.
- C) Decheslla a eles hai tres anos.
- D) Case convéncesme de mercar ese sofá de coiro.

9. Escolla a serie correcta:

- A) Decir. Ombligo. Omóplato. Fiordo.
- B) Dicir. Ombligo. Omóplata. Fiordo.
- C) Dicir. Embigo. Omoplata. Fiorde.
- D) Decir. Embigo. Omóplato. Fiorde.

10. Sinale a opción incorrecta:

- A) Mágoa
- B) Reptil
- C) Díxonolo
- D) Partiu

Preguntas de reserva

1. Unha das seguintes palabras non ten que ver con perder o vigor, o ánimo ou o sentido:

- A) esmorecer
- B) desmaiar
- C) esmolicar
- D) desfalecer

2. Sinale a frase incorrecta:

- A) A pouco máis cae polas escaleiras.
- B) Padeceu un infarto e ten que andar amodo.
- C) Hoxe andiven todo o día a cen por hora.
- D) Vai con tino, non debes apurar tanto para facer ese traballo.